



Asunto: remate do prazo de presentación de solicitudes de admisión para o curso 2020-2021

Ante as dúbidas xurdidas naqueles centros nos que o vindeiro día 20 de marzo foi declarado non lectivo en virtude do sinalado no artigo 7 da *Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, trasládolle o seguinte:

1.- O proceso de admisión de alumnado tramitarase mediante a aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), nos prazos que determina a Disposición Adicional Primeira da Orde do 12 de marzo de 2013. O **prazo** de presentación das solicitudes de admisión abranguerá xa que logo **do día 1 ao 20 de marzo de 2019**, ambos incluídos.

2 - O artigo 18 da *Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, sinala que, para os efectos de cumprir os trámites do procedemento de admisión e matrícula do alumnado, **cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediato seguinte.**

3.- Na Sede Electrónica da Xunta de Galicia non se exceptúan as festas laborais de carácter local. Por isto, para aqueles centros nos que o vindeiro 20 de marzo é non lectivo consonte a normativa anterior, cómpre ter en conta que **a partir dese día 20 de marzo a Sede Electrónica non admitirá a presentación de solicitudes para este procedemento.** Non obstante, a aplicación *admisionalumnado* admitirá o rexistro **ata o día 23** das solicitudes que se dirixan a aqueles centros nos que o día 20 foi declarado como non lectivo. Estas solicitudes terán que presentarse **de forma presencial no propio centro que se solicita en primeiro lugar** ou en calquera dos rexistros que establece a Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Manuel Torres Vizcaya

Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa

SR/A DIRECTOR/A

